

**LISTAXES DEFINITIVAS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "CONECTA CON GALICIA" 2018  
(ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE)**

**Resolución do 21/03/2018 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 66 do 05/04/2018)**

**BRASIL**

Quenda das actividades de aire libre: do 1 ao 12  
de xullo

**1ª QUENDA**

Data publicación: 05/06/2018

De acordo co disposto no artigo 8, apartado catro da convocatoria publícase a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. As solicitudes admitidas levan a mención "COMPLETA" na columna ESTADO DA SOLICITUDE, e as excluídas aparecen coa mención "EXCLUÍDA". Na columna ARTIGOS QUE INCUMPRE e MOTIVOS DE EXCLUSIÓN o artigo e os motivos de incumprimento, aos efectos de identificar as causas de exclusión. As persoas solicitantes poderán consultar o texto completo dos requisitos ao final desta páxina.

PAÍS	APELIDOS	NOME	FINANCIAMENTO	COMPLETA / EXCLUIDA	ARTIGOS QUE INCUMPRE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN / OBSERVACIÓNS
BRASIL	CAMPOS JIMENEZ	JOÃO VICTOR	0%	EXCLUIDA	3.1.d)	Non se atopa vinculado cun concello galego no censo electoral de residentes ausentes.
BRASIL	LOPO DOS SANTOS	MANUELA	100%	COMPLETA		
BRASIL	VEIGA SOARES	ANA FERNANDA	100%	EXCLUIDA	3.1.g)	Supera o límite de ingresos establecido.

## DESCRIPCIÓN DOS REQUISITOS

- 3.1.a) Ter residencia habitual fóra de Galicia.
- 3.1.b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.
- 3.1.c) Ter nacionalidade española.
- 3.1.d) Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Requisito non exigible ás persoas participantes procedentes do resto de España.
- 3.1.e) Ter unha idade entre 14 e 20 anos en 30 de xullo do ano da convocatoria.
- 3.1.f) Non ter participado en edicións anteriores deste programa.
- 3.1.g) Para as prazas financiadas ao 100% da axuda do custo da viaxe, os solicitantes non deben contar con ingresos superiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para o ano da convocatoria, do país de residencia do solicitante. Para os solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por anciandade establecida polo Estado español para o ano da convocatoria. Para as prazas financiadas ao 50% da axuda do custo da viaxe, as persoas solicitantes non poderán ter ingresos superiores a catro veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria. Se o solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes segundo o anterior, pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70% da devandita cifra polo número das persoas que convivan menos unha. Para o resto das prazas, non se establecerá límite de ingresos.
- Art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro | Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta oo acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

## RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo con disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.